

MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE **RELACIONADA CON EMBARCACIÓN** **TRADICIONAL**

D. JOSÉ MANUEL TRILLO SABORIDO, con DNI núm. 33.292.640 W e domicilio a efectos de notificacións en Bar Louro nº 80 - Miñarzo - Lira - Carnota (A Coruña), en calidade de presidente da AC CANLE de Lira con CIF núm. G15380512 e domicilio social na Escola de Portocubelo, Lira, concello de Carnota; conforme acredita por medio de poder debidamente bastanteado que se achega co presente,

Dende o ano 2003 a AC CANLE de Lira é propietaria dunha embarcación tradicional, lancha Xeiteira, réplica da “Mariña” embarcación atopada no areal de Caldebarcos - Carnota e que na actualidade encóntrase no museo Masó de Bueu.

O nome da lancha é “CANLE”, matrícula 9ª VILL-3-6-03. Construída en madeira no asteleiro “Triñanes”.

Esta asociación é membro da Federación Galega pola Cultura Marítima, conforme queda acreditado na certificación obrante e na documentación no seu día achegada.



A.C. CANLE
LIRA

A xeiteira participa en encontros de embarcacións tradicionais. O último, o ano pasado no Freixo - Serra de Outes.

A súa conservación require diversos traballos que son realizados anualmente, preferentemente no verán, polos socios desta asociación.

Os traballos que se realizan, entre outros, son os seguintes: Conservación da madeira, patente, pintura, cambio do pao, limpeza da vela (vela relinga) ou cambio de elementos da embarcación que se encontran danados.

Estas actividades realízanse na actualidade no porto de Lira (Portocubelo) .

Para gardar o material utilizado para as actividades reseñadas, así como algún dos aparellos da embarcación, utilízanse as casetas dos mariñeiros que as ceden gratuítamente. A maioría dos aparellos por falta de espazo quedan na propia Xeiteira, o que conleva un deterioro considerable dos mesmos.

O anteriormente relatado é o procedemento habitual, pero no caso de que a reparación precise uns coñecementos técnicos ou debido a unha especial dificultade dos traballos a realizar, encárgase da reparación ao asteleiro que construíu a lancha Xeiteira.

A lonxa vella de Portocubelo - Lira utilizarase como almacén de materiais precisos para a conservación da embarcación para realizar os traballos que anualmente



A.C. CANLE
1984

se fan na mesma. Debido á imposibilidade de gardar os aparellos de gran tamaño, de momento teñen que quedar na lancha: pao (11 m), vela, remos, bancos, etc.

Coa presente memoria achéganse facturas e fotografías da embarcación que xustifican o alegado.

Lira, a 3 de marzo do ano 2014.

O Presidente

Asdo.: José Manuel Trillo Saborido



